

Dirección Xeral de Formación Profesional  
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

**MD85PRO01**

# Programación Departamento de Tecla

**Centro: CMUS Profesional de Santiago de Compostela**

**Materia/disciplina: Piano**

**Curso: 2023 - 2024**



## Índice

<b>1.</b>	<b><i>Introdución</i></b> .....	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b><i>Metodoloxía</i></b> .....	<b>3</b>
<b>3.</b>	<b><i>Atención á diversidade</i></b> .....	<b>5</b>
<b>4.</b>	<b><i>Temas transversais</i></b> .....	<b>6</b>
<b>4.1</b>	<b>  Educación en valores</b> .....	<b>6</b>
<b>4.2</b>	<b>  Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICS)</b> .....	<b>7</b>
<b>5.</b>	<b><i>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas</i></b> .....	<b>7</b>
<b>6.</b>	<b><i>Secuenciación do curso</i></b> .....	<b>9</b>
<b>6.1</b>	<b>  Curso: 1º de grao elemental</b> .....	<b>9</b>
<b>6.2</b>	<b>  Curso: 2º de grao elemental</b> .....	<b>12</b>
<b>6.3</b>	<b>  Curso: 3º de grao elemental</b> .....	<b>14</b>
<b>6.4</b>	<b>  Curso: 4º de grao elemental</b> .....	<b>16</b>
<b>6.5</b>	<b>  Curso: 1º de grao profesional</b> .....	<b>18</b>
<b>6.6</b>	<b>  Curso: 2º de grao profesional</b> .....	<b>21</b>
<b>6.7</b>	<b>  Curso: 3º de grao profesional</b> .....	<b>24</b>
<b>6.8</b>	<b>  Curso: 4º de grao profesional</b> .....	<b>26</b>
<b>6.9</b>	<b>  Curso: 5º de grao profesional</b> .....	<b>28</b>
<b>6.10</b>	<b>  Curso: 6º de grao profesional</b> .....	<b>31</b>
<b>7.</b>	<b><i>Cuestións sobre a avaliación, cualificación, ampliación de matrícula e recuperación para todos os cursos</i></b> .....	<b>33</b>
	<b>Procedementos e ferramentas de avaliación</b> .....	<b>33</b>
	<b>Criterios de cualificación</b> .....	<b>34</b>
	<b>Criterios para a concesión de ampliación de matrícula</b> .....	<b>34</b>
	<b>Medidas de recuperación</b> .....	<b>35</b>
<b>8.</b>	<b><i>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica</i></b> .....	<b>36</b>
<b>9.</b>	<b><i>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento</i></b> .....	<b>36</b>
<b>10.</b>	<b><i>Anexos</i></b> .....	<b>37</b>
<b>10.1</b>	<b>  Probas de acceso 1º de grao profesional</b> .....	<b>37</b>
<b>10.2</b>	<b>  Probas de acceso a outros cursos</b> .....	<b>38</b>
<b>10.3</b>	<b>  Criterios para a obtención dos premios fin de grao</b> .....	<b>43</b>
<b>10.4</b>	<b>  Rúbricas para a avaliación do alumnado</b> .....	<b>44</b>

## 1. Introdución

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela comeza a súa andaina no curso 2004/2005. A capital de Galicia, cidade con unha importante actividade cultural, carecía dun ensino musical público xa existente fai anos nas capitais de provincia galegas. Durante estes poucos anos de vida, o Conservatorio foi consolidando a súa función como centro de ensino e tamén como foco de actividades musicais, que veñen a enriquecer o marcado carácter cultural da cidade.

Esta programación marca as directrices para que os alumnos de piano acaden as finalidades propias das ensinanzas musicais definidas na lei de educación vixente.(Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio) que especifica como obxectivo principal é a formación artística de calidade e a cualificación dos futuros profesionais da música Tamén figura nesta o referente ás probas de acceso para a especialidade de piano.

A singularidade básica de ensinanza instrumental é que as clases de piano están enfocadas ó traballo intensivo e individualizado con cada alumno. Esta característica complementase cás clases colectivas e outras actividades programadas fora da aula, coma as audicións, que propician a participación de distintos sectores da comunidade educativa: alumnos, pais e nais e profesores. Deste xeito, os alumnos consolidan os seus coñecementos e se aproximan á finalidade principal da materia, que é o acto comunicativo a través do instrumento. As familias teñen a posibilidade de participar nas actividades do centro, favorecendo a súa implicación nos procesos educativos dos seus fillos, e potenciando o carácter social derivado do feito musical.

## 2. Metodoloxía

---

Esta programación baséase na teoría construtivista, posto que é unha concepción que busca que cada alumno/a se desenvolva de acordo ás súas posibilidades e intereses, fomentando e impulsando a súa autonomía, favorecendo a autonomía e capacidade de decisión en particular na súa vida musical e en xeral na súa formación como persoa.

Nesta experiencia individual que supón a aprendizaxe, o profesorado ten unha función mediadora, axuda na construción dos significados, que ademais debe dar solucións concretas a problemas ou dificultades igualmente concretos, e en todo aquilo que teña un carácter máis xeral, debe esforzarse en dar opcións e non en impoñer criterios, en orientar e non en conducir da man a uns resultados predeterminados. Debe

tratar de estimular e ensanchar a receptividade, a capacidade de resposta do alumnado ante o feito artístico, e debe tratar de impulsar a autonomía dos mesmos.

Para isto, partimos dos principios psicopedagóxicos constructivistas:

- Partir do nivel de desenvolvemento dos/as alumnos/as.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
- Que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmo.
- Modificar os esquemas de coñecemento.
- Intensa actividade por parte do/a alumno/a.

Aínda atendendo a estas liñas xerais, podemos concretar as metodoloxías divididas nas estas de estudos:

### **GRAO ELEMENTAL**

A ensinanza instrumental é un proceso complexo que, por necesidade, debe conxugar comprensión e expresión, coñecemento e realización. Todos estes aspectos se complementan e reforzan para que o alumno adquira as habilidades motrices e intelectuais necesarias dun xeito equilibrado e garantindo a súa asimilación progresiva.

No grao elemental, o alumno medio ten de 8 a 12 anos, dependendo do curso. Por razóns de madurez intelectual, as ferramentas didácticas básicas empregadas susténtanse na experimentación directa do mundo sonoro do instrumento. Progresivamente, os contidos propostos consolídanse a través da observación guiada e posteriormente a racionalización. Por tanto, o contacto directo coa materia sonora é o punto de partida proposto para todas as actividades de aula, as das clases colectivas e as actividades complementarias.

Outro aspecto esencial é a consolidación dunha correcta comprensión da linguaxe musical, tanto da mensaxe que se escoita coma da súa forma de expresión gráfica. Para isto se traballa sobre cada canción ou peza musical entendida coma unha unidade significativa, unha totalidade na que se atopan todos os aspectos constituíntes da música: melodía, harmonía, forma... O alumno integra todos estes elementos propios da linguaxe musical e desenrola o seu dominio instrumental paralelamente. O

material musical

utilizado, nun comezo, é próximo ao alumno xa que o asimilará dun xeito máis natural. Esta proximidade tamén servirá de motivación.

En base a estas dúas directrices básicas, o profesor desenvolve a súa propia estratexia de aula, a través da observación dos diferentes estadios ou fases de adquisición de habilidades, e seleccionará e secuenciará o material e os recursos didácticos mais axeitados para completar os obxectivos e contidos incluídos nesta programación (traballo sobre dinámicas, articulacións, aspectos estruturais e auditivos, imaxinación sonora e motricidade).

De especial importancia é ensinar a estudar con calidade, reforzar a apreciación dos logros dos alumnos, e traballar sobre a súa capacidade de concentración e memorización. Para isto, o profesor estudará pasaxes co alumno, reflexionando con él sobre os resultados obtidos na aula, e o seu nivel de escoita. Si é o caso, axudarlle a planificar o seu traballo individual semanal.

## **GRAO PROFESIONAL**

Nesta etapa da educación musical, o alumno chega a primeiro curso despois de amosar a súa capacidade de aproveitamento mediante a proba de acceso ó grao profesional. Sen esquecer a idea de que os contidos esenciais da formación musical xa deben estar presentes, a principal diferenza respecto da aprendizaxe no grao elemental é o incremento da capacidade intelectual e de abstracción debido a madurez evolutiva do alumnado. Consecuentemente, a metodoloxía a empregar ten máis carga intelectual e reflexiva, e se orienta a reforzar o sentido crítico e as capacidades de auto valoración do propio alumnado. Tamén é de esencial relevancia que o profesorado amose dun xeito práctico as posibles saídas profesionais as que pode optar cada alumno, atendendo as súas capacidades máis saíntes e os seus intereses persoais.

### **3. Atención á diversidade**

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina súa páxina web.

## 4. Temas transversais

---

Os temas transversais son temáticas que deben tratarse no sistema educativo e en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero que non conforman unha materia de estudio concreta, e ó mesmo tempo deben ser tratados en todas as materias do currículo.

### 4.1 Educación en valores

**Con carácter xeral, podemos destacar:**

*“Educación moral e cívica”*

Promoveranse actitudes de tolerancia e respecto tanto coa realización de exercicios en grupo como individuais.

*“Educación para a paz”*

Animarase a unha convivencia harmónica vendo as repercusións positivas da música no mundo.

*“Educación para a saúde e a calidade de vida”*

A través do piano mostrarse como unha posición corporal correcta contribúe a mellorar a calidade de vida e a coida a nosa saúde.

*“Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos”*

Formando grupos mixtos, inculcando valores de igualdade, promovendo actividades que impliquen unha reflexión sobre o papel da muller na música e levando a cabo actuacións que non creen ningún tipo de diferenza entre sexos.

**Con carácter concreto, vinculados ao currículo da materia:**

- Aprender a escoltar en público, cas súas normas básicas de comportamento. Se utilizan para isto as clases colectivas, e as audicións e concertos programados polo departamento e o resto das actividades e concertos programados polo centro.
- Educación para a saúde, mediante a adquisición de hábitos posturais saudables.
- Participación do alumnado no entorno cultural, en actos organizados por entidades municipais ou de outra índole.

## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICS)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regularlas, e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
2. Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recompila ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recompila nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
4. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recompila ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

## **5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

Dentro das actividades complementarias culturais e de promoción das ensinanzas

musicais están, principalmente, a asistencia por parte do alumnado a audicións, cursos e exposicións e concertos.

### **AUDICIÓN**

Son de carácter obrigatorio. Na medida do posible, organizaranse distintas audicións ao longo do curso que poderán ser en colaboración cos distintos departamentos. Realizarase, como mínimo, unha audición por trimestre (salvo excepcións) podendo realizarse tanto no auditorio coma na aula. Tamén poderán realizarse fóra do centro, previa autorización da Dirección e da Inspección Educativa.

Como mínimo esixirase a asistencia de dúas audicións ao ano.

### **CURSOS E EXPOSICIÓN**

De recomendada asistencia. Valorarase positivamente a asistencia aos distintos cursos e exposicións que organice o departamento de piano durante o ano académico, e así como organizados por outros departamentos e incluso fóra do conservatorio.

### **CONCERTOS**

No conservatorio lévanse a cabo diferentes actividades para promocionar as ensinanzas musicais tales como a “Semana de Santa Icíá”, “Semana da Muller”, “Semana da Música Galega”, “Concerto de Nadal” e outros extraordinarios... tamén se recomenda a asistencia. Valorarase a asistencia aos distintos concertos organizados no auditorio do centro. Ademais, informarase ao alumnado dos concertos que se consideren de especial importancia para a súa formación organizados fóra do centro.



## 6. Secuenciación do curso

En todos os cursos levarase a cabo unha avaliación inicial na primeira semana da actividade lectiva. Nesta avaliación, o profesorado recollerá datos sobre o estado emocional do alumnado, das dificultades que puideran ter a nivel de facilidades para o estudo e outros aspectos que considere de especial interese.

### 6.1 Curso: 1º de grao elemental

#### 6.1.1 Obxectivos

- Adquirir un hábito postural que evite tensións innecesarias.
- Traballar exercicios de ostinatos e percusión corporal para interiorizar patróns rítmicos e desenvolver a coordinación psicomotriz.
- Desenvolver aspectos básicos da xestualidade pianística baseados no emprego do peso do brazo.
- Coñecer os elementos da linguaxe musical necesarios para a interpretación das diferentes pezas.
- Adquirir unha sensación de pulsación interna regular.
- Diferenciar e percibir pulsacións legato e non legato.
- Realizar unha diferenciación sinxela (f-p) na dinámica dunha man con respecto da outra.
- Acadar un certo grao de fluidez na lectura de textos a primeira vista cunha soa man (ou coas dúas, pero de maneira alterna) métrica e sinxela.
- Adquirir interese pola música para que impulse a práctica dun hábito de estudo constante.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, pezas ou fragmentos musicais de nivel similar ás que figuran nesta programación como orientativas para este curso.
- Tocar en público de memoria amosando comprensión da estrutura e do sentido da obra que se está a interpretar.

#### 6.1.2 Contidos

- Desenvolvemento no alumno do hábito de sentarse correctamente diante do piano sen tensións innecesarias.
- Desenvolvemento no alumno do hábito de colocar a súa man sobre o teclado con comodidade, mantendo unha posición natural e incorporando en

ela unha xestualidade pianística elemental baseada no emprego do peso do brazo.

- Traballo da coordinación psicomotriz, da interiorización de patróns rítmicos sinxelos e da sensación de pulsación interna a través de recursos como a percusión corporal, os ostinatos ou o estudo do ritmo de certos pasaxes entoando a melodía.
- Interpretación de pasaxes legato e non legato, en valores non excesivamente rápidos. Realizar combinacións sinxelas de ambos tipos de ataque entre ambas mans.
- Lectura fluída das claves de sol e fa en cuarta, en valores non moi rápidos e en extensións próximas ás comprendidas no pentagrama (unha ou dúas liñas adicionais, salvo excepcións).
- Coñecemento dos compases de 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8.
- Comprensión das indicacións dinámicas f, mf, mp, e p. Comprensión dos seguintes signos de expresión: ligaduras de expresión, staccatto e acentos.
- Interpretación de pasaxes curtos nos que a melodía quede destacada con relación ao acompañamento. Traballo da diferenciación dinámica en ambas mans.
- Comprensión de frases sinxelas, con estrutura simple de pregunta--resposta. Percepción dos puntos de partida, cesura e chegada das frases simples.
- Desenvolvemento progresivo da capacidade de lectura de fragmentos moi sinxelos a primeira vista.

### 6.1.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Adoptar unha posición correcta fronte ao instrumento, e non presentar tensións innecesarias no transcurso da interpretación.
- Interpretar correctamente as indicacións de legato e non legato escritas na partitura.
- Interpretar con corrección o referente á lectura de notas e figuras, así como as indicacións dinámicas máis sinxelas.
- Diferenciar de forma básica a melodía do acompañamento, en pasaxes sinxelas.
- Ser capaz de realizar un fraseo básico nas pasaxes melódicas máis sinxelas.
- Amosar unha actitude positiva na clase, así coma unha participación e implicación

nas actividades complementarias.

### Mínimos esixibles

#### **1º TRIMESTRE:**

- Ler pequenas partituras en clave de Sol e Fa en cuarta e dúas mans.
- Interpretar obras/fragmentos en 2/4 e 3/4.

#### **2º TRIMESTRE:**

- Interpretar obras/fragmentos destacando a melodía sobre o acompañamento.
- Comprender as diferenzas dinámicas de f (forte), mf (mezzoforte), mp (mezzopiano), p (piano).

#### **3º TRIMESTRE**

- Interpretar dúas obras similares ás que aparecen no repertorio orientativo.
- Poder interpretar unha delas de memoria.
- Participar nunha adución/proba pública.

### **6.1.4 Recursos didácticos**

Método Europeo Vol. 1

Bastien Piano Vol. 1

García Abril: Caderno de Adriana nº1-5

Bartok: Mikrokosmos Vol. 1

Shostakovich: “Pezas infantís”.

Nancy y Randall Faber, “Piano Adventures”

Edna Mae Burnam, A Dozen a Day Book 1

Juan Cabeza: Divertudios 1

Hiroyo Masumura y Anselma Veit, “Pianistico! 1”

Katherine Fisher y Julie Knerr Hague, “Piano Safari 1 y 2”

Hervé Pouilliard, “Méthode pour les débutants”

Zongora Iskola I

Marilyn Lowe, Music moves for piano, Book 1

## 6.2 Curso: 2º de grao elemental

### 6.2.1 Obxectivos

- Aprender a tocar pezas de tonalidades, estilos, caracteres e xéneros variados.
- Adquirir un hábito postural que evite tensións innecesarias.
- Ampliar en extensión e variedade os ataques legato e non legato.
- Acadar a simultaneidade e corrección no son de acordes.
- Acadar a habilidade necesaria para o paso do polgar en pasaxes legato.
- Realizar unha diferenciación dinámica e clara de melodías respecto a acompañamentos.
- Iniciar a práctica do uso dos pedais.
- Iniciar a análise formal sinxela nas pezas que se traballen.
- Tocar en público de memoria mostrando comprensión da estrutura e do sentido da obra que se está a interpretar.
- Ampliar o coñecemento dos elementos da linguaxe musical e a súa aplicación na interpretación.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de nivel similar ás que figuran como obras orientativas nesta programación.
- Adquirir un gusto pola música que impulse a práctica dun hábito de estudo constante.

### 6.2.2 Contidos

- Interpretación de pasaxes legato que inclúan o paso do polgar nunha ou dúas octavas como máximo tomando conciencia da igualdade sonora.
- Formación e sonorización de notas simultáneas no teclado, en número máximo de tres, coidando especialmente o son completo de todas as notas que compoñen o acorde e a súa execución perfectamente simultánea.
- Interpretación de pezas onde se inclúa de maneira sinxela o son dunha melodía soa sobre un acompañamento.

- Explicación teórica do funcionamento e características dos pedais esquerdo e dereito e do seu uso na interpretación.
- Explicación teórica sobre o autor e a época das pezas que se traballen.
- Comprensión da necesidade do coñecemento das diferentes indicacións dinámicas, agónicas e de sinxela ornamentación para a súa aplicación nunha interpretación musicalmente interesante e variada.
- Traballar tamén a interpretación de memoria como utilidade positiva no proceso de comunicación da idea da obra ao oínte.
- Desenvolvemento progresivo da capacidade de lectura de fragmentos moi sinxelos a primeira vista.

### 6.2.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Adquirir e desenvolver os obxectivos mencionados no curso primeiro.
- Executar de xeito correcto e sen defectos na igualdade do son das pasaxes que inclúan o paso do polgar.
- Interpretar de maneira clara e correcta da simultaneidade de acordes e a relación ca súa función acompañante respecto á melodía que deberá diferenciarse dinamicamente con claridade (*cantabile*).
- Usar correctamente e sen mesturas harmonicamente inadmisibles durante o emprego dos pedais.
- Interpretar de maneira lóxica e musicalmente interesante e variada das diferentes pezas do repertorio traballadas.
- Valorar a actitude nas clases individuais, así coma a participación das actividades propostas.

#### Mínimos esixibles

##### **1º TRIMESTRE:**

- Interpretación correcta e simultánea de acordes.

##### **2º TRIMESTRE:**

- Interpretar unha obra que inclúa clara diferenza entre melodía y acompañamento.
- Tocar obras/fragmentos correctamente que inclúan o paso do polgar.

##### **3º TRIMESTRE**

- Aprender a utilizar o pedal de resonancia na interpretación ao piano.
- Poder ler a primeira vista pequenas obras/fragmentos.
- Interpretar unha obra de memoria do nivel similar ás orientativas do curso.
- Participar nunha adución/proba pública.

## 6.2.4 Recursos didácticos

<b>Estudos e métodos</b>	Burgmüller Op. 100 Lemoine, estudos op. 37 Bartok: "For children" Nº 1 Método Europeo Vol. 2 Hervé et Pouilliard, Methode pour les debutants Nancy y Randall FAber, Piano Adventures 2. Katherine Fisher y Julie Knerr Hague, "Piano Safari 3" Juan Cabeza, Divertudios 2, Cuaderno de Piano (Nivel Intermedio)
<b>Barroco</b>	Bach: Minueto en Sol M  Bach: Musette
<b>Clásica</b>	Denes Agay coord., "The joy of first classics"
<b>Romántica</b>	Schumann; Álbum da Xuventude nº 2
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Kabalevsky Op. 39

## 6.3 Curso: 3º de grao elemental

### 6.3.1 Obxectivos

- Aprender a tocar pezas de tonalidades, estilos, caracteres e xéneros variados.
- Adquirir un hábito postural que evite tensións innecesarias.
- Continuar co coñecemento e práctica dos diferentes estilos da literatura pianística.
- Diferenciar dinamicamente as notas dun acorde.
- Diferenciar dinamicamente as distintas voces en obras polifónicas.
- Continuar aplicando unha sinxela análise formal nas obras que se traballen.

- Empregar correctamente os pedais nas obras que se traballen.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de nivel similar ás que figuran como repertorio orientativo nesta programación.
- Tocar en público de memoria mostrando comprensión da estrutura e do sentido da obra que se está a interpretar.
- Adquirir un gusto pola música que impulse a práctica dun hábito de estudo constante.

### 6.3.2 Contidos

- Memorización de algunhas das obras que ten que traballar o alumno.
- Audición e interpretación de obras de diferentes estilos que o alumno terá que recoñecer e caracterizar (respectivamente) de forma axeitada.
- Comprensión e realización da importancia dunha nota pertencente a un acorde, diferenciándoa dinamicamente das demais.
- Comprensión e realización da importancia relativa dunhas voces respecto a outras, diferenciándoas dinamicamente.
- Desenvolvemento da capacidade analítica das obras que se teñen que traballar.
- Utilización dos pedais sempre que sexa requirido polas obras que o alumno debe traballar.
- Desenvolvemento progresivo da capacidade de lectura de fragmentos sinxelos a primeira vista.

### 6.3.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Adquirir unha postura adecuada fronte ao instrumento, e non presente tensións innecesarias no transcurso da interpretación.
- Interpretar de forma correcta as indicacións de legato e non legato escritas na partitura.
- Interpretar con corrección o referente á lectura de notas e figuras, así como as indicacións dinámicas máis sinxelas.
- Interpretar diferenciando de forma básica a melodía do acompañamento, en pasaxes sinxelas.
- Realizar un mínimo fraseo nas pasaxes melódicas máis sinxelas.

- Amosar unha actitude positiva na clase, así coma a súa participación e implicación nas actividades complementarias.

## Mínimos esixibles

### 1º TRIMESTRE:

- Adquirir un hábito postural correcto.
- Afianzar os obxectivos e contidos do 3º trimestre do curso anterior.
- Desenvolver a capacidade analítica sobre repertorio traballado.

### 2º TRIMESTRE:

- Diferenciar dinamicamente as voces en pasaxes polifónicas.
- Interpretar obras/fragmentos empregando correctamente os pedais.
- Diferenciar con claridade unha nota dentro dun acorde.

### 3º TRIMESTRE

- Interpretar as obras do curso, a lo menos, unha de memoria.
- Ler a primeira vista fragmentos/obras en diferentes tonalidades.
- Coñecer as diferentes épocas compositivas.
- Participar nunha audición/proba pública.

## 6.3.4 Recursos didácticos

<b>Estudos</b>	Bertini op. 100 Burgmüller, Estudos Op. 100 Lemoine, Estudos op. 37 Katherine Fisher y Julie Knerr Hague, "Piano Safari 3" Juan Cabeza, Piano Train Trips.
<b>Barroco</b>	J.S. Bach: Pequenos Peludios BWV 999, 939
<b>Clásica</b>	Clementi; Sonatina op. 36 nº 1 e 2 Beethoven; Sonatina nº 5 y 6
<b>Romántica</b>	Schumann; Álbum da Xuventude nº 6, 7, 8, 10, 11, 14 Tchaikovsky; Album da Xuventude Op. 39 (Boneca enferma)
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Shostakovich; 6 pezas para nenos



## 6.4 Curso: 4º de grao elemental

### 6.4.1 Obxectivos

- Adquirir un hábito postural que evite tensións innecesarias.
- Aprender a tocar pezas de tonalidades, estilos, caracteres e xéneros variados.
- Tocar en público de memoria mostrando comprensión da estrutura e do sentido da obra que se está a interpretar.
- Interpretar con corrección estilística obras pertencentes a distintas épocas.
- Desenvolver as capacidades técnicas necesarias, para a interpretación do repertorio do nivel.
- Afondar nos distintos tipos de ataque tanto dentro dunha mesma man, como entrambas.
- Desenvolver a capacidade de análise das obras que interprete o alumno.
- Comezar a utilizar os pedais dunha maneira autónoma.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de nivel similar ás que figuran como obras orientativas nesta programación.
- Adquirir interese pola música que impulse a práctica dun hábito de estudo constante.

### 6.4.2 Contidos

- Memorización de obras de maior complexidade e duración (respecto doutros anos, dentro das que o alumno deberá interpretar no seu repertorio).
- Recoñecemento e comprensión dos diferentes estilos e interpretación de obras representativas dos mesmos.
- Coñecemento e aplicación dos distintos tipos de ataque e correcto emprego do sistema muscular e articulario.
- Desenvolvemento da capacidade de comprensión e execución de música polifónica.
- Aplicación dos coñecementos da linguaxe musical adquiridos durante o curso (fraseo, harmonía, básica, cadencias, etc.) á análise das obras.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva e estética necesaria para a utilización dos pedais en obras de diferentes estilos dunha forma progresivamente autónoma.

- Desenvolvemento progresivo da capacidade de lectura de fragmentos a primeira vista.

### 6.4.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Ler textos adecuados ao nivel de lectura a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseo axeitados ao seu contido.
- Interpretar obras de acordo cos criterios estilísticos, técnicos e interpretativos.
- Mostrar capacidade de aprendizaxe progresiva nos estudos e obras do programa.
- Interpretar en público como solista e de memoria obras representativas do nivel de grao elemental, con seguridade e control da situación.

#### Mínimos esixibles

##### 1º TRIMESTRE:

- Afianzar os obxectivos do curso anterior (3º trimestre).
- Comezar a utilizar os pedais dun xeito autónomo.
- Obter unha postura correcta ante o piano.
- Aplicar os coñecementos de linguaxe musical ás obras que está a traballar.

##### 2º TRIMESTRE:

- Mostrar capacidade de aprendizaxe progresiva no repertorio que está a traballar.
- Memorizar obras/fragmentos de maior dificultade.
- Utilizar correctamente os pedais.

##### 3º TRIMESTRE

- Interpretar o repertorio correctamente (mínimo 3 obras se non fixo ningunha nos anteriores trimestres).
- Ter participado nunha proba/audición pública.
- Ler a primeira vista obras de maior dificultade.
- Desenvolver a capacidade da interpretación polifónica.

### 6.4.4 Recursos didácticos

Estudos	Burgmüller Op. 109 (1 e 2) Czerny Op. 636 (3, 6 e 10) / Czerny Op. 299 (4 e 5)
---------	---

	Heller Op. 45 (1 e 2)
<b>Barroco</b>	J.S. Bach: Invención a 2 voces Do M. J.S. Bach: Pequenos Preludios BWV 926, 927, 935, 938.
<b>Clásica</b>	Diabelli: Sonatina Op. 168 nº 5 e 6 Clementi: Sonatina Op. 36 nº 4, 5 e 6 Haydn: Sonatas XVI:1, 4 e 8
<b>Romántica</b>	Grieg: Pezas Líricas; Op. 12 nº 1 Mendelssohn: Romanzas sen palabras Op. 19 nº 6
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Debussy, "The little nigar" Guridi, 8 apuntes: 1, 3 H. Villalobos, Petizada nº 3 "A probresinha sertaneja" B.Bartok: Microcosmos Vol. 3 nº 79, 82 e 84 Prokofieff: 12 pezas infantís Op. 65 nº 4 (Tarantella)

## 6.5 Curso: 1º de grao profesional

Este curso resulta especialmente significativo dentro do currículo da materia, xa que o cambio de grao (en moitos casos tratarase incluso do acceso ao conservatorio por primeira vez) implica necesariamente un cambio na actitude do alumno e do profesor. O alumno ao terminar o grao elemental encontrarase xa nunha boa disposición, tanto física e técnica como teórica, para afrontar o desenvolvemento dos obxectivos e contidos xerais do grao profesional.

### 6.5.1 Obxectivos

- Aprender e interpretar obras de memoria.
- Ampliar a gama de ataque entre legato e non legato.
- Adquirir hábitos interpretativos encamiñados a ter unha autonomía cada vez maior no estudo e interpretación das diferentes obras.
- Desenvolver a técnica de interpretación de diferentes planos sonoros o entramado polifónico de dúas e tres voces especialmente no repertorio barroco.
- Desenvolver a técnica de interpretación de escalas, arpejos, dobres notas, octavas e acordes con respecto a un repertorio de nivel axeitado.
- Solucionar cada vez con maior autonomía cuestións relacionadas coa dixitación, pedalización dinámica, etc.

- Coñecer o significado das principais expresións de carácter e tempo que se aplican ao repertorio pianístico habitual.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras de diferentes épocas e estilos, de dificultade axeitada a este curso.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

### 6.5.2 Contidos

- Análise das obras que se interpretan, como base para unha memorización segura e consciente do texto e non dun xeito só mecánico e intuitivo.
- Desenvolvemento progresivo dos diversos tipos de ataque, co emprego consciente e progresivamente maior das diferentes posibilidades que se deducen do uso correcto do peso do brazo e das articulacións do cóbado, boneca e dedo, como fontes de emisión e control do son.
- Adquisición do hábito de estudo, así como do coñecemento básico das convencións interpretativas referentes aos distintos estilos, como base da autonomía na interpretación das diferentes obras.
- A dinámica, a precisión na realización das diversas indicacións que a ela se refiren e o equilibrio dos niveis e calidade do son resultante, tanto en planos sonoros, entramado polifónico, melodía acompañada, acordes, etc.
- Desenvolvemento dun repertorio técnico variado, axeitado ao nivel.
- Continuación no estudo da dixitación e a súa problemática, así como a utilización dos pedais e potenciación que experimentaron os seus recursos na evolución da escritura pianística.
- Coñecemento teórico e realización práctica das expresións máis habituais de carácter e tempo que se atopan no repertorio pianístico.
- Desenvolvemento progresivo da lectura a vista.
- Estudo e interpretación dun programa que debe comprender obras de diferentes estilos (contrapuntísticas, estudos técnicos, sonatinas ou sonatas clásicas, pequeno repertorio romántico, música do século XX, etc).
- Participación en audicións públicas.

### 6.5.3 Avaliación

#### Crterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular axeitado ás esixencias da execución pianística.
- Demostrar dominio técnico e musicalidade na execución dos estudos e das obras que compoñen o programa.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e articulación (legato e non legato), utilización do pedal e cuestións dinámicas.
- Interpretar as obras de distintas épocas e estilos esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria obras do programa correspondente.
- Resolver con progresiva autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras do programa ou outras de dificultade e estilo semellantes: dixitación, pedalización e fraseo.

### Mínimos esixibles

#### 1º TRIMESTRE:

- Afianzar os obxectivos do curso anterior (3º trimestre).
- Traballar a interpretación de memoria nas obras do curso.
- Utilizar un esforzo muscular acorde ás esixencias técnicas.
- Adquirir un hábito de estudo continuado.

#### 2º TRIMESTRE:

- Aprender a dixitar e pedalizar correctamente, de xeito autónomo.
- Ampliar a gama entre legato e non legato.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos de diferentes tonalidades.

#### 3º TRIMESTRE

- Interpretar o repertorio correctamente (mínimo 4 obras se non fixo ningunha nos anteriores trimestres).
- Ter participado nunha proba/audición pública.
- Interpretar unha obra de memoria.
- Adquirir o coñecemento sobre as convencións estilísticas.

### 6.5.4 Recursos didácticos

Estudos	Moszkowski Op. 91 (1 e 2) Cramer Vol. 1 Czerny Op. 299
---------	--

<b>Barroco</b>	J.S. Bach: Invenciones 8 (BWV 779), 10 (BWV 781), 13 (BWV 784)
<b>Clásica</b>	Beethoven: Sonata Op. 49 nº 2 Beethoven: Sonatina nº 4 Haydn: Sonatas XVI G1, 10 e D1
<b>Romántica</b>	Chopin: Preludios nº 4 e nº 6 Grieg: Pezas líricas Op. 12 (agás 1) Mendelssohn: Romanzas op. 19 nº 2 e 4; op. 30 nº 3 e 6; op. 39 nº 1 Brahms: Vals op. 39 nº 1
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Albéniz: "Tango" e "Malagueña" B.Bartok: Microcosmos Vol. 4 nº 113 Debussy: Children's corner nº 2

## 6.6 Curso: 2º de grao profesional

### 6.6.1 Obxectivos

- Interpretar obras de memoria, tanto en clase como en audicións públicas.
- Utilizar conscientemente as diferentes clases de ataque legato e non legato.
- Adquirir coñecemento cada vez maior acerca das diferentes convencións estilísticas e formais.
- Desenvolver paulatinamente a autonomía interpretativa.
- Perfeccionar a técnica de interpretación de diferentes planos sonoros e de entramado polifónico de dúas ou tres voces.
- Desenvolver e perfeccionar a resolución e interpretación de diferentes problemas técnicos como escalas, arpeixos, dobres notas, oitavas, acordes, etc. de acordo cun repertorio de nivel axeitado.
- Adquirir autonomía progresiva no uso dos pedais, a dicitación, e as posibilidades dinámicas do instrumento.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

### 6.6.2 Contidos

- Aproximación ao coñecemento da estrutura formal en obras de maior formato grazas ao que o alumno se adentrará dunha forma reflexionada e consciente na aprendizaxe de memoria, así como na interpretación correcta de acordo coa forma e o estilo.
- Desenvolvemento progresivo dos distintos tipos de ataque, coa participación do uso consciente do peso do brazo, e das articulacións do cóbado, moneca e dedos, como fontes de emisión e control do son.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos sobre; fraseo, dinámica, pedal, ornamentación e outras convencións interpretativas, como base dunha autonomía progresiva na interpretación formal e estilisticamente correcta das obras axeitadas ao nivel.
- Actuación en audicións públicas, onde o alumno demostre progresivamente a súa autonomía interpretativa.
- Interpretación de obras de carácter polifónico a dúas ou tres voces, así como outras con distintos tipos de texturas (melodía acompañada, melodía repartida entre ambas mans, obras baseadas en acordes, etc.).
- Práctica da técnica pianística: ataques, independencias, igualdade, velocidade, resistencia dos dedos, paso do polgar, movemento e coordinación do sistema brazo-antebrazo-man; caída, lanzamento, desprazamento lateral, movemento circular e de rotación, etc., para a resolución axeitada das diferentes dificultades técnicas da literatura pianística (escalas, arpexios, dobres notas, acordes, etc...)
- Utilización consciente e controlada dos pedais, resolución de distintos casos de dixitación e adquisición gradual da suficiente capacidade e albedrío de uso xa desde a primeira lectura das obras do repertorio, así como durante o traballo persoal.
- Desenvolvemento progresivo da lectura a vista.
- Estudar e interpretar un programa que debe comprender obras de diferentes épocas e estilos (contrapuntísticos, estudos técnicos, sonatas clásicas, obras románticas menores, música do século XX, etc.)

### 6.6.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular axeitado ás esixencias da execución pianística.

- Demostrar o dominio técnico e musicalidade na execución dos estudos e obras que compoñen o programa.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e articulación (legato e non legato), utilización do pedal e cuestións dinámicas.
- Interpretar obras de distintas épocas e estilos esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria obras do programa correspondente.
- Resolver con progresiva autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras do programa u outras de dificultade e estilo semellantes: dixitación, pedalización e fraseo.

### Mínimos esixibles

#### **1º TRIMESTRE:**

- Afianzar os obxectivos do curso anterior (3º trimestre).
- Desenvolver a autonomía interpretativa.
- Afondar no coñecemento estilístico das diferentes épocas.
- Utilizar correctamente os pedais.

#### **2º TRIMESTRE:**

- Dixitar de xeito autónomo obras/fragmentos das mesmas.
- Coñecer e aplicar as posibilidades dinámicas do instrumento.
- Traballar a lectura a primeira vista.

#### **3º TRIMESTRE**

- Interpretar o repertorio correctamente (mínimo 4 obras se non fixo ningunha nos anteriores trimestres).
- Ter participado nunha proba/audición pública.
- Interpretar unha obra de memoria.
- Coñecer a estrutura formal do repertorio.

### 6.6.4 Recursos didácticos

Estudos	Jensen: Op. 32
---------	----------------



	<p>Czerny: Op. 740 nº 1, 2 e 3</p> <p>Czerny: Op. 299 nº 21</p> <p>Moskowsky: Op. 91 (agás 1 e 2)</p>
<b>Barroco</b>	<p>J.S. Bach: Invencións 2, 6, 14 e 15.</p> <p>J.S. Bach: Pequenos preludios BWV 936</p> <p>D. Scarlatti: Sonata K. 377</p>
<b>Clásica</b>	<p>Mozart: Sonata K 545</p> <p>Beethoven: Variacións en Sol M sobre tema de Paisiello</p> <p>Haydn: Sonatas Hob. XVI nº 2 e 27</p>
<b>Romántica</b>	<p>Chopin: Preludio nº 15</p> <p>Tchaikovsky: "Os meses do ano". Outubro</p>
<b>Moderna e Contemporánea</b>	<p>Debussy: Children's corner nº 1</p> <p>Debussy: Preludio Vol. 1 nº 8</p> <p>Debussy: Reverie</p> <p>Albéniz: Granada</p> <p>Jacques Ibert: O burriño branco</p>

## 6.7 Curso: 3º de grao profesional

### 6.7.1 Obxectivos

- Acadar seguridade e soltura na interpretación de obras de memoria, tanto na clase como en audicións públicas.
- Desenvolver unha capacidade de auto avaliación no proceso de estudo das obras e lograr formar un criterio propio sobre os resultados prácticos de dito proceso.
- Adquirir maior seguridade no coñecemento da estrutura formal das obras do repertorio e da necesidade de aplicar este coñecemento na interpretación.
- Ter a capacidade de establecer diferentes criterios interpretativos de acordo ao coñecemento adquirido en cursos anteriores sobre convencións estéticas e formais.
- Adquirir seguridade na aplicación da técnica de execución do entramado polifónico a dúas e tres voces e dos diferentes planos sonoros.
- Usar correctamente a técnica da utilización dos pedais e acadar un criterio

claro sobre o resultado sonoro final, así como da técnica de pedalización das distintas obras do repertorio.

- Lograr determinar a importancia da aplicación dos conceptos técnicos ao servizo da boa interpretación.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

### 6.7.2 Contidos

- Estudo da dixitación, pedalización, fraseo coa súa aplicación correcta na interpretación.
- Utilización consciente do peso do brazo como principal fonte de forza e control da sonoridade.
- Desenvolvemento do concepto de cantabile no piano e a súa aplicación na interpretación.
- Coñecemento da grafía e efectos da música contemporánea.
- Desenvolvemento da lectura a vista.

### 6.7.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular axeitado ás esixencias da execución pianística.
- Demostrar dominio técnico e musicalidade na execución dos estudos e obras que compoñen o programa.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e articulación (legato e non legato), utilización do pedal e cuestións dinámicas.
- Interpretar as obras de distintas épocas e estilos, esixidas en cada curso, segundo o programa.
- Interpretar de memoria obras do programa correspondente.
- Resolver con progresiva autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras do programa ou outras de dificultade e estilo semellantes: dixitación, pedalización e fraseo.

#### Mínimos esixibles

##### **1º TRIMESTRE:**

- Afianzar os obxectivos do curso anterior (3º trimestre).
- Desenvolver a capacidade de auto avaliación na interpretación.

- Utilizar o esforzo muscular axeitado así como unha correcta postura para a práctica pianística.
- Resolver problemas técnicos do repertorio con suficiente autonomía.

### 2º TRIMESTRE:

- Ter autonomía na dixitación das obras e na utilización do pedal.
- Desenvolver un criterio sonoro que axude na interpretación.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos acordes á dificultade do curso.

### 3º TRIMESTRE

- Interpretar o repertorio correctamente (mínimo 4 obras se non fixo ningunha nos anteriores trimestres).
- Ter participado nunha proba/audición pública.
- Interpretar unha obra de memoria.
- Utilizar correctamente os pedais na interpretación.

#### 6.7.4 Recursos didácticos

<b>Estudos</b>	Clementi: Gradus ad Parnasum Czerny: Op. 740
<b>Barroco</b>	J.S. Bach: Sinfonías BWV 971 e BWV 794 D. Scarlatti: Sonata K. 177
<b>Clásica</b>	Mozart: Sonata K 282 Beethoven: Sonata Op. 79 Haydn: sonatas Hob. XVI nº 6, 13 e 14
<b>Romántica</b>	Schumann: Esceas de nenos. Op. 15 nº 3 Chopin: Nocturno Op. 9 nº 1 e Nocturno Op. 72 nº 1 Tchaikovsky: "Os meses do ano" Xuño
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Debussy: Children's corner nº 6 Lutoslawski: 3 pezas para a xuventude

## 6.8 Curso: 4º de grao profesional

### 6.8.1 Obxectivos

- Afianzar e demostrar a seguridade e soltura na execución de memoria das obras tanto na clase como nas audicións públicas.
- Aplicar correctamente os recursos técnicos adquiridos en cursos anteriores para

unha relación coherente destes coa interpretación das obras.

- Demostrar a consecución dun criterio propio correcto en canto á pedalización e dixitación das obras, o uso da dinámica e o cantabile.
- Ampliar e asegurar a capacidade de autocrítica no proceso do estado das obras e o seu resultado práctico final.
- Demostrar a capacidade de relacionar correctamente o concepto de estrutura formal, a súa análise práctica e a conseguinte interpretación de acordo ás convencións estilísticas e formais xa tratadas en cursos anteriores.
- Ser quen de interpretar, ao final do curso, obras de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

### 6.8.2 Contidos

- Traballo sobre a calidade de son resultante do teclado como resposta á aplicación dos diferentes métodos técnicos como tipos de ataque, manexo das articulacións, control da dinámica e as súas indicacións e pedalización das dúas.
- Traballo en partituras onde sexan necesarios coñecementos sobre grafía específica de música contemporánea e signos ornamentais de calquera época.
- Estudo en maior profundidade da dixitación, pedalización e fraseo das obras e a súa aplicación á interpretación.
- Coñecemento e control das posibilidades dinámicas do piano coa maior amplitude posible, de acordo coas características físicas de cada alumno.
- Uso consciente das diferentes posibilidades que se derivan do uso correcto do peso do brazo e as distintas articulacións como fontes de emisión e control do son.
- Coñecemento da importancia do fraseo en relación coa forma e o estilo de cada obra.
- Práctica da lectura a vista.

### 6.8.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular axeitado ás exixencias da execución pianística.
- Demostrar o dominio técnico e musicalidade na execución dos estudos e obras que compoñen o programa.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e articulación (legato e non legato), utilización do pedal e cuestións dinámicas.

- Interpretar obras de distintas épocas e estilos, esixidas en cada curso, según o programa.
- Interpretar de memoria obras do programa correspondente.
- Resolver con progresiva autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras do programa ou outras de dificultade e estilo semellantes: dixitación, pedalización e fraseo.

### Mínimos esixibles

#### 1º TRIMESTRE:

- Afianzar os obxectivos do curso anterior (3º trimestre).
- Ampliar e asegurar a capacidade de autocrítica no proceso do estado das obras e o seu resultado práctico final.
- Demostrar a consecución dun criterio propio correcto en canto á pedalización e dixitación das obras, o uso da dinámica e o cantabile.
- Ser capaz de ler obras/fragmentos a primeira vista en diferentes tonalidades, acordes á dificultade do curso.

#### 2º TRIMESTRE:

- Resolver con progresiva autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras do programa ou outras de dificultade e estilo semellantes: dixitación, pedalización e fraseo.
- Acadar progresivamente un sistema propio de estudo analítico.
- Uso consciente do peso do brazo na interpretación no piano.

#### 3º TRIMESTRE

- Interpretar o repertorio correctamente (mínimo 4 obras se non fixo ningunha nos anteriores trimestres).
- Ter participado nunha proba/audición pública.
- Interpretar unha obra de memoria.
- Utilizar correctamente os pedais na interpretación.
- Afondar nas cuestións dinámicas e expresivas na interpretación do repertorio.

### 6.8.4 Recursos didácticos

<b>Estudos</b>	Liszt: Op. 1 Czerny: Op. 740 Moszkowsky: Op. 72
<b>Barroco</b>	J.S.Bach: Suite francesa nº 4 J.S.Bach: Clave ben temperado Vol. 1 nº 6 e 9

	D. Scarlatti: Sonata K. 159
<b>Clásica</b>	Mozart: Sonata KV 230 Beethoven: Sonata Op. 49 nº 1 Haydn: Sonatas Hob. XVI nº 37
<b>Romántica</b>	Liszt: Consolacións nº 2, 4 e 5 Chopin: Mazurcas Op. 17 nº 2 e 3 Chopin: Nocturnos Op. 32 nº 1, Op. 15 nº 1 e Op. 37 nº 1
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Debussy: Claro de Lúa, da Suite Bergamasque Mompou: Canción e danza nº 5 Kachaturian: Tocatta

## 6.9 Curso: 5º de grao profesional

### 6.9.1 Obxectivos

- Afianzar e asegurar os obxectivos de cursos anteriores.
- Comprender a importancia do traballo con boas edicións e saber escoller correctamente o mellor texto posible para o estudo.
- Analizar os resultados da aplicación no estudo das diversas informacións recibidas a través das notas críticas das edicións.
- Poder escoller por si mesmo as obras do seu programa de entre unha selección do repertorio proposta polo seu profesor/a.
- Comprender a importancia da aplicación dos diferentes recursos técnicos aos diferentes estilos, coa conseguinte obtención de diversos resultados sonoros segundo cada estilo.
- Demostrar seguridade, comunicación e soltura na interpretación das obras do seu repertorio en público.
- Coñecer as diferentes partes mecánicas do piano, as súas posibles reglaxes, así como os períodos e formas de mantemento por parte do técnico afinador.
- Ser quen de interpretar, ao final do curso, obras de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

### 6.9.2 Contidos

- Profundizarase na utilización correcta dos pedais, con progresiva autonomía do alumno para propoñer e diferenciar distintas posibilidades sonoras.

- Discernimento entre as diversas dixitacións posibles, enxuciando criticamente unhas e outras.
- Entrenamento da memoria na clase e nas audicións.
- Reflexión sobre os distintos tipos de ataque, as súas variantes e os seus resultados prácticos.
- Traballo sobre a calidade de son resultante do teclado como resposta á aplicación dos diferentes métodos técnicos como tipos de ataque, manexo das articulacións, control da dinámica e as súas indicacións e pedalización das dúas.
- Traballo en partituras onde sexan necesarios coñecementos sobre grafía específica de música contemporánea e signos ornamentais de calquera época.
- Estudio en maior profundidade da dixitación, pedalización e fraseo das obras e a súa aplicación á interpretación.
- Traballo sobre a lectura a vista.

### 6.9.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular axeitado ás esixencias da execución pianística.
- Demostrar o dominio técnico e musicalidade na execución dos estudos e as obras que compoñen o programa.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e articulación (legato e non legato), utilización do pedal e cuestións dinámicas.
- Interpretar as obras de distintas épocas e estilos, esixidas en cada curso, segundo o programa.
- Interpretar de memoria obras do programa correspondente.
- Resolver con progresiva autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras do programa ou outras de dificultade e estilo semellantes: dixitación, pedalización e fraseo.

#### Mínimos esixibles

##### **1º TRIMESTRE:**

- Afianzar os obxectivos do curso anterior (3º trimestre).
- Analizar os resultados da aplicación no estudo das diversas informacións recibidas a través das notas críticas das edicións.
- Comprender a importancia da aplicación dos diferentes recursos técnicos aos diferentes estilos, coa conseguinte obtención de diversos resultados sonoros segundo cada estilo.

#### **2º TRIMESTRE:**

- Ler a primeira vista obras/fragmentos de diferentes tonalidades de obras de similar dificultade ao curso.
- Traballar a metade do repertorio do curso, en canto a dixitacións, dinámicas, pedalizacións e análise estilístico.
- Traballar a memoria na clase e en casa de xeito autónomo.

#### **3º TRIMESTRE**

- Interpretar o repertorio correctamente (mínimo 4 obras se non fixo ningunha nos anteriores trimestres).
- Ter participado nunha proba/audición pública.
- Interpretar unha obra de memoria.

### **6.9.4 Recursos didácticos**

<b>Estudos</b>	Chopin: 3 estudos póstumos Liszt: Op. 1 Scriabin: Op. 8
<b>Barroco</b>	J.S.Bach: Suite francesa nº 5 J.S.Bach: Clave ben temperado Vol. 1 prelude e fuga a tres voces D. Scarlatti: Sonata K. 87
<b>Clásica</b>	Mozart: Sonata KV 309, 284 e 397 Beethoven: Sonata Op. 2 nº 1 Haydn: sonatas Hob. XVI nº 23
<b>Romántica</b>	Chopin: Fantasía Impromptu Chopin: Polonesa Op. 26 nº 1 Schubert: Impromptus Op. 90 Liszt: Noctuno en LabM (ensoño de amor)
<b>Moderna e Contemporánea</b>	B.Bartok: Allegro bárbaro



	<p>B.Bartok: Danzas romanas</p> <p>Debussy: Preludios Vol. 1 ("Minstrels", "Serenata interrumpida")</p> <p>Ginastera: 3 danzas argentinas</p>
--	---

## 6.10 Curso: 6º de grao profesional

### 6.10.1 Obxectivos

- Demostrar autonomía no emprego dos recursos técnicos adquiridos en cursos anteriores, adecuándoos correctamente ás obras obxecto de estudo.
- Demostrar criterios de interpretación persoais en coherencia co estilo correspondente ás diferentes épocas e autores.
- Afrontar un recital como solista interpretando obras do repertorio do curso.
- Ser capaz de efectuar unha autocrítica madura do propio rendemento interpretativo en función das horas de estudo empregadas.
- Prepararse de cara a unha posible proba de acceso para un conservatorio superior con espírito competitivo e confianza nas propias posibilidades.
- Culminar o grao profesional con un nivel de madurez musical e pianística digno de ser considerado profesional e ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

### 6.10.2 Contidos

- Perfeccionamento do "cantabile", ligado ao entendemento das diferentes texturas pianísticas a través dos diferentes estilos compositivos.
- Análise formal de todo o repertorio traballado, fixándose especialmente no estudo e recoñecemento de formas como o Allegro de sonata.
- Revisión global e totalizadora de todos os contidos de cursos anteriores.
- Traballo sobre a calidade de son resultante do teclado como resposta á aplicación dos diferentes métodos técnicos como tipos de ataque, manexo das articulacións, control da dinámica e as súas indicacións e pedalización.
- Traballo en partituras onde sexan necesarios coñecementos sobre grafía específica de música contemporánea e signos ornamentais de calquera época.
- Estudio en maior profundidade da dixitación, pedalización e fraseo das obras e a súa aplicación á interpretación.
- Traballo sobre a lectura a vista.

### 6.10.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Perfeccionamento do "cantabile", ligado ao entendemento das diferentes texturas pianísticas a través dos diferentes estilos compositivos.
- Análise formal de todo o repertorio traballado, fixándose especialmente no estudo e recoñecemento de formas como o Allegro de sonata.
- Revisión global e totalizadora de todos os contidos de cursos anteriores.
- Traballo sobre a calidade de son resultante do teclado como resposta á aplicación dos diferentes métodos técnicos como tipos de ataque, manexo das articulacións, control da dinámica e as súas indicacións e pedalización.
- Traballo en partituras onde sexan necesarios coñecementos sobre graffía específica de música contemporánea e signos ornamentais de calquera época.
- Estudio en maior profundidade da dixitación, pedalización e fraseo das obras e a súa aplicación á interpretación.
- Traballo sobre a lectura a vista

#### Mínimos esixibles

##### **1º TRIMESTRE:**

- Demostrar autonomía no emprego dos recursos técnicos adquiridos en cursos anteriores, adecuándoos correctamente ás obras obxecto de estudo.
- Amosar autocrítica na escoita da súa interpretación.
- Traballo da memoria do repertorio na clase e na casa de xeito autónomo.

##### **2º TRIMESTRE:**

- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras do programa ou outras de dificultade e estilo semellantes: dixitación, pedalización e fraseo.
- Afondar na lectura de obras a primeira vista de maior dificultade.
- Demostrar criterios de interpretación persoais en coherencia co estilo correspondente ás diferentes épocas e autores.

##### **3º TRIMESTRE**

- Interpretar o repertorio correctamente (mínimo 4 obras se non fixo ningunha nos anteriores trimestres).
- Ter participado nunha proba/audición pública.
- Interpretar unha obra de memoria.
- Utilizar correctamente as diferentes posibilidades dinámicas e expresivas do

instrumento no repertorio.

- Demostrar unha soltura interpretativa acorde ao curso.

#### 6.10.4 Recursos didácticos

<b>Estudos</b>	Chopin: Op. 10 nº 5 e 6 3 Chopin: Op. 25 nº 7 e 11
<b>Barroco</b>	J.S.Bach: Preludios e Fugas a 3 e 4 voces J.S.Bach: Suites francesas Scarlatti: Sonata K 125
<b>Clásica</b>	Beethoven: Sonata Op. 10 nº 1 e 2 Mozart: Sonata KV 475 Haydn: Sonatas Hob. XVI nº 32 e 49
<b>Romántica</b>	Chopin: Impromptu Op. 29 Chopin: Nocturno nº 13 Brahms: Rapsodias Op. 79 nº 1 e 2 Mendelssohn: Rondó caprichoso
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Debussy: Preludios Vol. 1 ("Colinas de Anacapri" , "A catedral mergullada") Albéniz: Suite Iberia: "Evocación" e "El puerto" Granados: Valses poéticos

## 7. Cuestións sobre a avaliación, cualificación, ampliación de matrícula e recuperación para todos os cursos

### Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación é continua, aínda que puntualmente poderán facerse probas na aula e audicións no auditorio.

O rexistro de seguimento do alumnado é o principal instrumento de avaliación continua que ten o profesorado.

### Criterios de cualificación

Os instrumentos de avaliación serán o caderno de aula e o rexistro das probas e audicións feitas ao longo do curso. Os criterios de cualificación quedan recollidos na rúbrica anexada á presente programación. A ponderación deses criterios será a seguinte:

- 30% da cualificación: fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica.
- 30% da cualificación: capacidade técnica (dixitación, utilización do pedal, correcta realización de dinámicas), relaxación muscular e posición corporal axeitada.
- 30% da cualificación: calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria.
- 10% da cualificación: interese por la materia, grao de esforzo e calidade do estudo na casa.
- A nota final, será **un 30% o primeiro trimestre, 30% o segundo trimestre e un 40% o terceiro trimestre.**

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais, deberá demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá na realización unha audición pública na que interpretará todo o programa do curso.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

### Medidas de recuperación

#### Procedementos de recuperación ordinarios

As clases de instrumento son individuais, e por isto permiten un trato personalizado da situación de cada alumno. O “reforzamento” ou recuperación dos contidos programados e non adquiridos realízase na propia clase individual. **Esta recuperación**

## **será aplicable ás avaliacións parciais (1º e 2º trimestres)**

### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non sexa posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba, alomenos, cunha semana de antelación.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A **proba consistirá** no seguinte:

- Interpretación íntegra do programa do curso.
- Unha obra, alomenos, será interpretada de memoria.

Os **criterios de cualificación** de dita proba serán:

- Grado de consecución dos obxectivos e contidos da programación (rúbrica): 100% da nota.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

### Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

No caso de que o alumno no alcance os obxectivos do curso e obteña na avaliación de xuño unha cualificación inferior a 5, contará cunha proba extraordinaria, que consistirá en amosar, a través dunha proba práctica, que asimilou os contidos mínimos do curso recollidos nesta programación.

A **proba consistirá** no seguinte:

- Interpretación íntegra do programa do curso.
- Unha obra, alomenos, será interpretada de memoria.

Os **criterios de cualificación** serán os seguintes:

- Grado de consecución dos obxectivos e contidos da programación (rúbrica): 100%

da nota.

## **8. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

A programación didáctica constará dunha avaliación continua por parte do profesorado da especialidade de piano rexistrando as posibles incidencias e variacións na mesma no caso de presentarse.

Ademais nas reunións do departamento levarase a cabo un seguimento das programacións co mesmo fin.

Prestarase especial atención ás ferramentas para a realización da docencia non presencial por se fose preciso.

## **9. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

Nas reunións do departamento acordaranse as medidas oportunas de avaliación necesarias para o correcto funcionamento do mesmo.

## **10. Anexos**

### **10.1 Probas de acceso 1º de grao profesional**

#### **Contidos**

Na proba de acceso interpretaranse de tres obras de diferentes estilos, unha delas

de memoria (ou un movemento, se ten varios). **Considerarase obra a un movemento de sonata ou sonatina.** Será obrigatorio levar as partituras orixinais ademais dun mínimo de dúas copias para o tribunal.

O listado de obras orientativas a interpretar son as seguintes:

<b>Estudos</b>	Burgmüller Op. 109 (1 e 2) Czerny Op. 636 (3, 6 e 10) Heller Op. 45 (1 e 2) Czerny Op. 299 (4 e 5)
<b>Barroco</b>	J.S.Bach: Invención a 2 voces DoM J.S.Bach: Pequenos Preludios BWV 926, 927, 935 e 938
<b>Clásica</b>	Diabelli: Sonatina Op. 168 nº 5 e 6 Clementi: Sonatina Op. 36 nº 4, 5 e 6 Haydn: Sonatas Hob. XVI:1, 4 e 8
<b>Romántica</b>	Grieg: Pezas líricas; Op. 12 nº 1 Mendelssohn: Romanzas sen palabras Op.19 nº 6
<b>Moderna e Contemporánea</b>	B.Bartok: Microcosmos Vol. 3 nº 79, 82 e 84 Prokofieff: 12 pezas infantís Op. 65 nº 4 (Tarantella)

### Criterios de avaliación

- Coñecer perfectamente as obras a interpretar: autor e título da obra.
- Amosar unha lectura clara da partitura, empregando a medida e a articulación axeitadas.
- Interpretar de memoria, con seguridade e control da situación.
- Amosar unha corrección técnica básica: posición axeitada, relaxación corporal, utilización do peso do brazo e naturalidade de movementos.
- Amosar capacidade de diferenciación sonora na execución de matices básicos.
- Amosar capacidade de diferenciación sonora na execución de matices básicos.

### Criterios de cualificación

- Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (40%)

- Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
- Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)

## 10.2 Probas de acceso a outros cursos

### Contidos

#### **GRAO ELEMENTAL**

Para acceder ao 2º, 3º ou 4º curso de Grao Elemental, o aspirante deberá interpretar, como mínimo, dúas obras de diferentes estilos -achegando copia das mesmas para o tribunal- escollidas polo aspirante. Cando menos, unha delas deberá ser interpretada de memoria.

#### **GRAO PROFESIONAL**

Para acceder a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º de Grao Profesional, o aspirante deberá interpretar, como mínimo, tres obras de diferentes estilos -achegando copia das mesmas para o tribunal-, escollidas polo aspirante. Cando menos, unha delas deberá ser interpretada de memoria.

**Non será considerado como obra un só movemento de sonata ou sonatina.**

### Repertorio orientativo por cursos

Para acceder a **2º curso de grao elemental** o listado de obras orientativas a interpretar é o seguinte:

Método Europeo Vol. 1

Bastien Piano Vol. 1

García Abril: Caderno de Adriana nº1-5

Bartok: Mikrokosmos Vol. 1

Shostakovich: “Pezas infantís”.

Nancy y Randall Faber, “Piano Adventures”

Edna Mae Burnam, A Dozen a Day Book 1



Juan Cabeza: Divertudios 1

Hiroyo Masumura y Anselma Veit, "Pianistico! 1"

Katherine Fisher y Julie Knerr Hague, "Piano Safari 1 y 2"

Hervé Pouilliard, "Méthode pour les débutants"

Zongora Iskola I

Marilyn Lowe, Music moves for piano, Book 1

Para acceder a **3º curso de grao elemental** o listado de obras orientativas a interpretar é o seguinte:

<b>Estudios e métodos</b>	Burgmüller Op. 100 Lemoine, estudos op. 37 Bartok: "For children" Nº 1 Método Europeo Vol. 2 Hervé et Pouilliard, Methode pour les debutants Nancy y Randall FAber, Piano Adventures 2. Katherine Fisher y Julie Knerr Hague, "Piano Safari 3" Juan Cabeza, Divertudios 2, Cuaderno de Piano (Nivel Intermedio)
<b>Barroco</b>	Bach: Minueto en Sol M  Bach: Musette
<b>Clásica</b>	Denes Agay coord., "The joy of first classics"
<b>Romántica</b>	Schumann; Álbum da Xuventude nº 2
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Kabalevsky Op. 39

Para acceder a **4º curso de grao elemental** o listado de obras orientativas a interpretar é o seguinte:

<b>Estudios</b>	Bertini op. 100  Burgmüller, Estudios Op. 100
-----------------	---

	Lemoine, Estudos op. 37 Katherine Fisher y Julie Knerr Hague, "Piano Safari 3" Juan Cabeza, Piano Train Trips.
<b>Barroco</b>	J.S. Bach: Pequenos Peludios BWV 999, 939
<b>Clásica</b>	Clementi; Sonatina op. 36 nº 1 e 2 Beethoven; Sonatina nº 5 y 6
<b>Romántica</b>	Schumann; Álbum da Xuventude nº 6, 7, 8, 10, 11, 14 Tchaikovsky; Album da Xuventude Op. 39 (Boneca enferma)
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Shostakovich; 6 pezas para nenos Kabalevsky; Pezas infantís op. 27 (Tocatina), op. 39 (19 a 24), Op. 89. A. Kachaturian: Pezas para nenos

Para acceder a **2º curso de grao profesional** o listado de obras orientativas a interpretar é o seguinte:

<b>Estudos</b>	Moszkowski Op. 91 (1 e 2) Cramer Vol. 1 Czerny Op. 299
<b>Barroco</b>	J.S. Bach: Invenciones 8 (BWV 779), 10 (BWV 781), 13 (BWV 784)
<b>Clásica</b>	Beethoven: Sonata Op. 49 nº 2 Beethoven: Sonatina nº 4 Haydn: Sonatas XVI G1, 10 e D1
<b>Romántica</b>	Chopin: Preludios nº 4 e nº 6 Grieg: Pezas líricas Op. 12 (agás 1) Mendelssohn: Romanzas op. 19 nº 2 e 4; op. 30 nº 3 e 6; op. 39 nº 1 Brahms: Vals op. 39 nº 1
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Albéniz: "Tango" e "Malagueña" B.Bartok: Microcosmos Vol. 4 nº 113 Debussy: Children's corner nº 2

Para acceder a **3º curso de grao profesional** o listado de obras orientativas a interpretar é o seguinte:

<b>Estudos</b>	Jensen: Op. 32 Czerny: Op. 740 nº 1, 2 e 3 Czerny: Op. 299 nº 21 Moskowsky: Op. 91 (agás 1 e 2)
<b>Barroco</b>	J.S. Bach: Invencións 2, 6, 14 e 15. J.S. Bach: Pequenos preludios BWV 936 D. Scarlatti: Sonata K. 377
<b>Clásica</b>	Mozart: Sonata K 545 Beethoven: Variacións en Sol M sobre tema de Paisiello Haydn: Sonatas Hob. XVI nº 2 e 27
<b>Romántica</b>	Chopin: Preludio nº 15 Tchaikovsky: "Os meses do ano". Outubro
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Debussy: Children's corner nº 1 Debussy: Preludio Vol. 1 nº 8 Debussy: Reverie Albéniz: Granada Jacques Ibert: O burriño branco

Para acceder a **4º curso de grao profesional** o listado de obras orientativas a interpretar é o seguinte:

<b>Estudos</b>	Clementi: Gradus ad Parnasum Czerny: Op. 740
<b>Barroco</b>	J.S. Bach: Sinfonías BWV 971 e BWV 794 D. Scarlatti: Sonata K. 177
<b>Clásica</b>	Mozart: Sonata K 282 Beethoven: Sonata Op. 79 Haydn: sonatas Hob. XVI nº 6, 13 e 14
<b>Romántica</b>	Schumann: Esceas de nenos. Op. 15 nº 3

	Chopin: Nocturno Op. 9 nº 1 e Nocturno Op. 72 nº 1 Tchaikovsky: "Os meses do ano" Xuño
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Debussy: Children's corner nº 6 Lutoslawski: 3 pezas para a xuventude

Para acceder a **5º curso de grao profesional** o listado de obras orientativas a interpretar é o seguinte:

<b>Estudos</b>	Liszt: Op. 1 Czerny: Op. 740 Moszkowsky: Op. 72
<b>Barroco</b>	J.S.Bach: Suite francesa nº 4 J.S.Bach: Clave ben temperado Vol. 1 nº 6 e 9 D. Scarlatti: Sonata K. 159
<b>Clásica</b>	Mozart: Sonata KV 230 Beethoven: Sonata Op. 49 nº 1 Haydn: Sonatas Hob. XVI nº 37
<b>Romántica</b>	Liszt: Consolacións nº 2, 4 e 5 Chopin: Mazurcas Op. 17 nº 2 e 3 Chopin: Nocturnos Op. 32 nº 1, Op. 15 nº 1 e Op. 37 nº 1
<b>Moderna e Contemporánea</b>	Debussy: Claro de Lúa, da Suite Bergamasque Mompou: Canción e danza nº 5 Kachaturian: Tocatta

Para acceder a **6º curso de grao profesional** o listado de obras orientativas a interpretar é o seguinte:

<b>Estudos</b>	Chopin: 3 estudos póstumos Liszt: Op. 1 Scriabin: Op. 8
<b>Barroco</b>	J.S.Bach: Suite francesa nº 5 J.S.Bach: Clave ben temperado Vol. 1 prelude e fuga a tres voces

	D. Scarlatti: Sonata K. 87
<b>Clásica</b>	Mozart: Sonata KV 309, 284 e 397 Beethoven: Sonata Op. 2 nº 1 Haydn: sonatas Hob. XVI nº 23
<b>Romántica</b>	Chopin: Fantasía Impromptu Chopin: Polonesa Op. 26 nº 1 Schubert: Impromptus Op. 90 Liszt: Noctuno en LabM (ensoño de amor)
<b>Moderna e Contemporánea</b>	B.Bartok: Allegro bárbaro B.Bartok: Danzas romanas Debussy: Preludios Vol. 1 ("Minstrels", "Serenata interrumpida") Ginastera: 3 danzas argentinas

### **Criterios de avaliación para grao elemental**

- Coñecer perfectamente as obras a interpretar: autor e título da obra.
- Amosar unha lectura clara da partitura, empregando a medida e a articulación axeitadas.
- Interpretar de memoria, con seguridade e control da situación.
- Amosar unha corrección técnica básica: posición axeitada, relaxación corporal, utilización do peso do brazo e naturalidade de movementos.
- Amosar capacidade de diferenciación sonora na execución de matices básicos.

### **Criterios de cualificación para grao elemental**

- Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (40%)
- Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
- Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)

### **Criterios de avaliación para grao profesional**

- Interpretar as obras con adecuación estilística, respectando o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Valoración da comprensión global das obras interpretadas e da capacidade de concentración na execución.
- Xulgarase a fidelidade ás indicacións da obra: tempo, fraseo, dinámica, ....

- Amosar un grao axeitado de corrección técnica nas obras interpretadas, así coma unha postura corporal correcta e relaxada no instrumento.
- Amosar un emprego correcto dos pedais.
- Amosar sensibilidade, expresividade e imaxinación na interpretación do repertorio

### **Criterios de cualificación para grao profesional**

- Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (40%)
- Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
- Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)

### **10.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao**

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin. Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

## 10.4 Rúbricas para a avaliación do alumnado

Rúbrica de avaliación						
Alumno/a					Profesor/a	
Especialidade					Curso	
Criterio 1: Fidelidade ao texto, fluidez e precisión rítmica.						
Non hai fidelidade ao texto (notas, valores, tempo, carácter e articulación). Non hai fluidez agónica nin precisión rítmica.	Moitos erros de lectura, apenas respecta as indicacións. Agónica pouco coherente, pulso inestable e o ritmo é errático.	Hai fidelidade ao texto e pulso estable nalgúnhas pasaxes. A rítmica é pouco concreta e a agónica pouco expresiva.	Lectura correcta do texto e dos elementos rítmicos. Mínima agónica e pulso estable na metade do repertorio.	Lectura correcta da maioría do texto. Fluidez agónica coherente, pulso estable e precisión rítmica case sempre.	Lectura correcta do texto, tempo e carácter. Pulsación estable, agónica expresiva fraseo claro e ritmo moi preciso.	Lectura do texto e pulso interno excelente. Agónica moi expresiva e precisión rítmica perfecta.
0	0,7	1,3	2	2,6	3,3	4
Criterio 2: Capacidade técnica e posición corporal.						
Pouca naturalidade e moita tensión na posición. Non hai control dos elementos técnicos.	A posición é tensa e a xestualidade pouco efectiva. Controla moi poucos elementos técnicos.	Posición e xesto relaxados en poucos momentos. Controla poucos elementos técnicos.	Posición correcta, con tensións puntuais. Controla a metade dos elementos técnicos.	Postura e xestualidade correctas, pouca tensión. Domina a maioría de elementos técnicos.	Moi boa postura e xesto, sen tensións. Dominio dos elementos técnicos.	Posición e xesto perfectos, moi naturais. Excelente dominio dos elementos técnicos.
0	0,5	1	1,5	2	2,5	3
Criterio 3: Calidade sonora e interpretación. Memoria.						
Son duro/feble. Ausencia total de dinámicas e planificación. Non é capaz de tocar de memoria.	Son e dinámicas de moi pouca calidade, ausencia de planificación expresiva e memoria feble.	Son de mínima calidade e claras dinámicas nalgúnhas pasaxes. Hai intención de planificación. Moitos fallos de memoria.	Mínima calidade sonora e diferenciación dinámica. Planificación expresiva pobre e memoria pouco sólida.	Son de calidade, dinámicas claras case sempre. Planificación expresiva coherente. Hai algúns fallos de memoria.	Son de calidade e amplo rango dinámico case sempre. Planificación expresiva eficaz e continuidade na memoria.	Son e dinámicas excelentes, planificación expresiva de calidade e perfecta execución de memoria.
0	0,5	1	1,5	2	2,5	3

Rúbrica de avaliación extraordinaria e probas de acceso			
		Porcentaxe	
Criterio 1: Fidelidade ao texto, fluidez e precisión rítmica.		40%	

Critério 2: Posición fronte al piano y técnica.	30%		
Critério 3: Calidad sonora e interpretación. Memoria.	30%		

Rúbrica de avaliación ordinaria						
Alumno/a						Profesor/a
Especialidade						Curso
<b>Critério 1: Fidelidade ao texto, fluidez e precisión rítmica.</b>						
Non hai fidelidade ao texto (notas, valores, tempo, carácter e articulación). Non hai fluidez agóxica nin precisión rítmica.	Moitos erros de lectura, apenas respecta as indicacións. Agóxica pouco coherente, pulso inestable e o ritmo é errático.	Hai fidelidade ao texto e pulso estable nalgunhas pasaxes. A rítmica é pouco concreta e a agóxica pouco expresiva.	Lectura correcta do texto e dos elementos rítmicos. Mínima agóxica e pulso estable na metade do repertorio.	Lectura correcta da maioría do texto. Fluidez agóxica coherente, pulso estable e precisión rítmica case sempre.	Lectura correcta do texto, tempo e carácter. Pulsación estable, agóxica expresiva fraseo claro e ritmo moi preciso.	Lectura do texto e pulso interno excelente. Agóxica moi expresiva e precisión rítmica perfecta.
0	0,5	1	1,5	2	2,5	3
<b>Critério 2: Capacidade técnica e posición corporal.</b>						
Pouca naturalidade e moita tensión na posición. Non hai control dos elementos técnicos.	A posición é tensa e a xestualidade pouco efectiva. Controla moi poucos elementos técnicos.	Posición e xesto relaxados en poucos momentos. Controla poucos elementos técnicos.	Posición correcta, con tensións puntuais. Controla a metade dos elementos técnicos.	Postura e xestualidade correcta, pouca tensión. Domina a maioría de elementos técnicos.	Moi boa postura e xesto, sen tensións. Dominio dos elementos técnicos.	Posición e xesto perfectos, moi naturais. Excelente dominio dos elementos técnicos.
0	0,5	1	1,5	2	2,5	3
<b>Critério 3: Calidad sonora e interpretación. Memoria.</b>						
Son duro/feble. Ausencia total de dinámicas e planificación. Non é capaz de tocar de memoria.	Son e dinámicas de moi pouca calidade, ausencia de planificación expresiva e memoria feble.	Son de mínima calidade e claras dinámicas nalgunhas pasaxes. Hai intención de planificación. Moitos fallos de memoria.	Mínima calidade sonora e diferenciación dinámica. Planificación expresiva pobre e memoria pouco sólida.	Son de calidade, dinámicas claras case sempre. Planificación expresiva coherente. Hai algúns fallos de memoria.	Son de calidade e amplo rango dinámico case sempre. Planificación expresiva eficaz e continuidade na memoria.	Son e dinámicas excelentes, planificación expresiva de calidade e perfecta execución de memoria.
0	0,5	1	1,5	2	2,5	3
<b>Critério 4: Interese pola materia e grao de esforzo.</b>						
Non hai	Apenas				Mostra moito	Participa moi



interese nin atención. Non realiza traballo autónomo e carece do material.	mostra interese, o traballo autónomo non é eficaz e non utiliza adecuadamente o material.	Insuficiente interese e autonomía. Utiliza o material de forma pouco adecuada.	Demostra mínimo interese e autonomía no seu estudo. Utiliza o material adecuadamente	Participa con interese e presta atención. Hai autonomía e responsabilidade de co material.	interese, atención, responsabilidade de e autonomía na clase e no seu estudo persoal.	activamente, con excelente interese e autonomía. Esfórzase moito e é moi responsable.
0	0,15	0,35	0,5	0,7	0,85	1
Rúbrica de avaliación ordinaria, proba práctica e audición pública						
				Porcentaxe		
Criterio 1: Fidelidade ao texto, fluidez e precisión rítmica.				30%		
Criterio 2: Posición fronte ao piano e técnica.				30%		
Criterio 3: Calidade sonora e interpretación. Memoria.				30%		
Criterio 4: Interés pola materia.				10%		